

NOTA DE PRENSA

Bande, 11 de maio de 2023. **Bande retoma os primeiros Encontros Escolares despois da pandemia.**

Un total de 12 centros escolares e grupos amateurs de toda a provincia e Lugo confirmaron a súa participación nos XXVIII Encontros de Teatro Escolar e Amateur que retoman a súa actividade despois do parón sufrido durante a pandemia.

Este evento conmemora o 17 de maio, Día das Letras Galegas. As obras presentadas han de estar escritas integramente en galego recibindo tódolos centros participantes un premio en metálico e diploma de participación.

Os escolares do CEIP Xoaquín Lourenzo e o IES Aquis Querquernis, de Bande, serán os encargados de abrir e pechar este certame.

A inauguración destes encontros terá lugar o luns día 15 de maio ás 10:00h. no salón de actos do CEIP Xoaquín Lourenzo.